



Expediente N.º: 365/2017

Procedemento: PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HAN DE REXER A CONTRATACION DE OBRAS, POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, TRAMITACION ORDINARIA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN do PROXECTO DE EXECUCIÓN DE ITINERARIO ACCESIBLE NA PISCINA MUNICIPAL DE PORTOMARÍN redactado por o Enxeneiro Industrial D. Alfonso Fernández Losada por un importe de 59.998,59 € (IVE incluído).

As obras están cofinanciadas con Fondos Feder (Unha maneira de facer Europa) no programa operativo Galicia 2014-2020 nunha porcentaxe do 80% obxectivo temático 9 – Promover a inclusión social e loita contra a pobreza e calquer forma de discriminación, prioridade de investimento 9.7 – Investimento en infraestrutura sanitaria e social que contribuíra ao desenvolvemento nacional, rexional e local e a redución das desigualdades sanitarias, ao fomento da inclusión social mediante un acceso mellorado aos servizos sociais, culturais e recreativos e a transición dos servizos institucionais aos servizos locais-, obxectivo específico 9.7.1 – Investimento en infraestrutura social e sanitaria que contribuíra ao desenvolvemento nacional, rexional e local e reduza as desigualdades sanitarias e transición dos servizos institucionais aos servizos locais. A categoría da intervención é a 055 (“Outra infraestrutura”) e a actuación 9.7.1.3: “Conversión e adaptación de vivendas e infraestruturas de servizos sociais a un modelo accesible e acorde coas innovacións sociais e demandas da sociedade, así como a creación e habilitación de espazos públicos de formación, captación e investigación”.

PO FEDER “Unha maneira de facer Europa”

Vista a acta da mesa de contratación de data 07-06-2018 do procedemento de adxudicación da obra de PROXECTO DE EXECUCIÓN DE ITINERARIO ACCESIBLE NA PISCINA MUNICIPAL DE PORTOMARÍN e os requirimentos feitos en aplicación da normativa de aplicación.

Visto que as empresas requeridas presentaron a documentación pertinente.

Por medio da presente, e en cumprimento do prego de condicións, faise público que a data, hora e lugar da constitución da mesa de contratación, para o estudo da documentación requirida son os seguintes:

Data: 29 DE XUÑO DE 2018

Hora: 12:30 horas

Lugar: Salón de sesión da Casa Consistorial do Concello de Portomarin.

A mesa de contratación estará integrada por os seguintes membros:

- Presidente:

D. Juan Carlos Serrano López (Alcalde-Presidente), ou persoa en quen delegue.

- Secretario:

D^a. Alicia de la Iglesia López (Administrativo do Concello de Portomarin).

- Vogais:

D. José Luis Vázquez Méndez (Secretario-Interventor do Concello de Portomarin).

D^a Raquel Meilán Sánchez, técnica da administración xeral da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

D José López-Cancelos Rodríguez, xefe da unidade de mantemento do servizo de urbanismo da Excma. Deputación Provincial de Lugo.



XUNTA
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA

galicia

Documento asinado electronicamente a marxe da páxina